

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Modificación de ordenanzas fiscais

EDICTO

Aprobación definitiva da 2º modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas e culturais municipais e da 1ª modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de conciliación.

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada en data 29/11/2012, polo que se aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas e culturais municipais e da Ordenanza Reguladora da taxa por servizos de conciliación, por non se ter presentado reclamacións dentro do período de exposición pública, procédese á súa publicación de conformidade co establecido no artigo 17, apartados 3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

2ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SOCIOCULTURAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 1º.-Modificación do artigo 4.-cota tributaria.

Se actualiza a cota tributaria da taxa recollida no artigo 4, de xeito que queda redactado como segue:

“O importe da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

- a) cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será de 10,26€ por hora ou fracción.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a terceiros, a tarifa será de 20,52€ por hora ou fracción.
- c) Cando a utilización sexa para actos extradeportivos e extraculturais a tarifa será de 35,91€ por hora ou fracción.
- d) Cando se solicite unha hora fixa semanal, no período comprendido entreo 1 de outubro e o 31 de maio, a tarifa será de 205,20€ .
- e) Cando se solicite o uso do pavillón como albergue a tarifa será de 5,13€ por usuario e noite.”

1ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

Artigo 1º.- Modificación do artigo 4.-cota tributaria.

Actualízanse as cotas tributarias contempladas no artigo 4, de xeito que queda redactado como segue:

“De acordo coas frecuencias de utilización do servizo, distínguense as seguintes contías da taxa:

-Por cada día de asistencia a calquera das actividades sinaladas cobranse 3,08€ por día.

-Naquelas actividades en que habendo servizo de comedor, se fixera uso do mesmo, incrementase a cota en 3,59€”

Teo, 22 de xaneiro de 2013.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez